



Novidades

Planetario dixital

O novo complemento do proxector de estrelas son dous proxectores dixitais que converten a cúpula do planetario nunha pantalla de cine inmersivo.

Ras

Unha exposición para celebrar o Ano Internacional da Ra coas especies máis sorprendentes e curiosas de todo o planeta.

Exploratorium

Doce espectaculares módulos interactivos procedentes do Exploratorium de San Francisco completan a renovación da Casa das Ciencias.

E ademais...



Medicamentos. Un novo módulo sobre este tema se engade á exposición de actualidade científica "Palabras da Ciencia".

Evolución. Un programa de planetario sobre un dos conceptos científicos máis potente e universal. A partir de febreiro de 2009.



Novidades

Magnavisión 3D



A maxia do cine en tres dimensións chegou á Domus. "Dinosauros. Xigantes de Patagonia" é unha ocasión única para vivir a experiencia de coñecer o increíble tamaño e a forza destas criaturas que unha vez habitaron a Terra.

Continentes vivos



Unha exposición con motivo do Ano Internacional do Planeta Terra. Pitóns da India e escorpións xigantes africanos son algunhas especies que incluírá esta exposición e que invita a respectar e protexer a biodiversidade do planeta no que vivimos. De outubro de 2008 a febreiro de 2009.

E ademais...

Futuro auga. Unha exposición coa auga como protagonista. Patrocinada por Caja España. De febreiro a abril de 2009.

De narices. Unha exposición que porá a proba o teu sentido do olfacto. Os nenos de 3 a 6 anos atoparán unha sección adicada especificamente a eles. A partir de maio de 2009.



Novidades

Farmacuáticos



Unha exposición sobre o mar como fonte de recursos para a investigación biosanitaria. Presenta acuarios e módulos interactivos que permiten coñecer as peculiaridades dos organismos mariños produtores de medicamentos.

Coruñeses

Unha exposición de fotografías de entornos naturais, fauna e flora da provincia de A Coruña.

E ademais...



Falando con peixes. Fala en directo cun submarinista mergullado no Nautilus. Luns, mércores e venres ás 11:30 h. Destinado ao alumnado de Educación Primaria e Secundaria (máximo de 50 alumnos).

Talleres de actualidade científica. Aprendizaxe e recursos "online" sobre cuestións científicas de actualidade e impacto social. Martes e xoves ás 11 h. Destinado ao alumnado de Educación Secundaria (máximo de 25 alumnos).

Contacontos. Narracións sobre o mar destinadas ao alumnado de Educación Infantil. Luns a venres á solicitude do grupo (máximo de 50 alumnos).